



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de dereito comunitario

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	HOMOLOGADO	HORAS:	130
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 17/07/2007 - 08:00h ao 05/10/2007 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Curso superior de dereito comunitario pretende afondar no estudo desta parte do ordenamento xurídico, para dotar aos asistentes dun conxunto de capacidades e habilidades que poidan aplicar no seu ámbito laboral ou profesional, dada a incidencia cada vez maior da materia obxecto do curso na actividade ordinaria da Administración, abarcando as últimas novidades doutrinais, lexislativas e xurisprudenciais.

DESTINATARIOS

O curso convocado ten como destinatarios aos letrados da Xunta de Galicia, ademais de funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A, B, C ou D, que estean en posesión do título de licenciado ou diplomado universitario, pertencentes á Xunta de Galicia ou á Administración local galega, así como o persoal laboral dunha ou doutra administración, dos grupos I, II, III e IV, que se atopen en posesión do título de licenciado ou diplomado universitario; letrados e funcionarios de outras Administracións; maxistrados, xuíces, profesionais do dereito e interesados nas materias a impartir sempre que posúan o título de licenciado ou diplomado universitario.

PROGRAMA

Ver Resolución do 5 de xullo de 2007, DOG nº 137, do 16 de xullo de 2007

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Se os solicitantes son funcionarios, persoal interino ou persoal laboral, os criterios selectivos para a admisión neste curso serán, por esta orde, os seguintes:

1. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o interesado no desempeño do seu posto de traballo e a materia obxecto deste curso.
2. Ter realizado, durante os últimos cinco anos, un menor número de cursos relacionados con contidos temáticos similares ao que agora se convoca.
3. A antigüidade, e como tal enténdese a data de ingreso do/a interesado/a na Administración pública.

De quedasen prazas libres, despois de feita a selección entre o persoal funcionario ou laboral de calquera das administracións públicas galegas indicadas anteriormente, o criterio selectivo dos restantes peticionarios, nos que non concorra a mencionada condición, será como se expresa a seguir:

-Gozarán de preferencia aqueles solicitantes que documentalmente acrediten que a súa actividade profesional mantén relación co dereito comunitario e poidan demostrar, a través do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo (por exemplo, publicacións, cursos de especialización, traballos de investigación, etc., vinculados coa materia expresada).

3. DATOS EDICIÓNS

PU07009

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 17/10/2007 a 03/03/2008

NUM. PRAZAS: 250

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

O curso realizarase na Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela.